



Índice

1. Que é Youtubeir@s?	2
2. A quen vai dirixido	2
3. Obxectivos	2
3.1. Xerais	2
3.2. Específicos da terceira edición	2
4. Calendario do proxecto	3
5. Formación	3
6. Premios Youtubeir@s	4
6.1. Bases	4
6.2. Proposta youtubeira	6
6.3. Evento de entrega dos premios	7
7. Actividades paralelas	7
7.1. Presenza en festivais e eventos culturais	7
7.2. Primavera youtubeira	7
7.2.1 Youtubeir@s en conexión	8
7.2.2. Lista de reprodución ao vivo	8
8. Comunicación	8
9. Xestión	9
10. Avaliación	10
10.1 Formación	10
10.2. Concurso	10
10.3. Xestión	11
10.4 Comunicación	12

1. Que é Youtubeir@s?

Un proxecto que naceu por iniciativa do persoal técnico de varios servizos de normalización lingüística coa vontade de promover e visibilizar o uso do galego na rede social de vídeos máis grande do mercado dixital.

Youtubeir@s pretende fomentar a creatividade audiovisual con temas propios e xerar referentes en galego dun novo axente con gran repercusión e impacto social como son @s youtubeir@s.

Concíbese como un programa completo e continuado, que compila diversas accións interrelacionadas cun obxectivo común:

Campaña de incentivación

Premios Youtubeir@s

Formación

Actividades para visibilizar o proxecto e @s youtubeir@s galeg@s

Presenza en festivais e eventos culturais

Creación de comunidade a través das redes sociais

Youtubeir@s desenvólvese de xeito colaborativo entre os servizos de normalización lingüística dos concellos da Baña, A Coruña, Ames, Carballo, Cedeira, Mazaricos (na 1 edición) Moaña, Ourense, Pontevedra, Rianxo, Ribadeo, Santiago de Compostela, Teo e O Grove, das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e da Deputación da Coruña.

A xestión, produción e dirección do proxecto realízase a empresa [Illa Bufarda S.C.](#)

2. A quen vai dirixido

Malia que a audiencia principal de YouTube está comprendida entre os 12 e os 25 anos, Youtubeir@s quere chegar a todos os públicos a partir de 14 anos.

Youtubeir@s, ademais da creación de contido na Rede, busca unha comunicación ampla e tamén presenza para achegarse ao maior número de persoas con perfís diversos: de idade, procedencia, formación, etc.

Na formación estanse a ter en conta todas as idades, desde a xente máis nova ata persoas non alfabetizadas dixitalmente.

3. Obxectivos

3.1 Xerais

- Conseguir que haxa máis vídeos en galego na rede.
- Difundir socialmente os vídeos en galego.
- Incitar e facilitar que a xente que fai vídeos para internet os faga en galego.
- Incitar e facilitar que persoas que teñan habilidades que poidan ser de interese para outras ou que teñan opinións interesantes sobre temas diversos, fagan vídeos con titoriais ou opinións para internet, e que os fagan en galego.

3.2. Específicos da terceira edición

- Consolidar o incremento de vídeos en galego na Rede.
- Consolidar Youtubeir@s como un proxecto máis amplo que uns premios.
- Ampliar a comunidade e fortalecer a existente.

- Crear máis nexos do proxecto coas comunidades educativas.
- Incrementar a participación de franxas de idades máis novas (de 14 a 20)
- Aumentar a oferta formativa
- Xerar espazos de reflexión sobre un novo xeito de comunicar e consumir audiovisual en galego a través do Youtube.
- Dar unha maior visibilización aos youtubeiros e youtubeiras en galego.
- Promover de xeito máis local @s youtubeir@s de cada concello.

4. Calendario do proxecto

Nas dúas primeiras edicións desenvólvese de outubro a maio, coincidindo co curso escolar, na terceira fíxose coincidir co ano natural.

As actividades formativas concéntranse nos primeiros meses. O prazo para inscribir vídeos no concurso vai de febreiro a setembro e en novembro coñécense os vídeos gañadores na gala de entrega dos premios. Asemade, durante todo o ano, mantense activa a campaña divulgativa e desenvólvense as actividades paralelas.

5. Formación

En coherencia coa natureza do proxecto, Youtubeir@s ofrece formación virtual a través da web e das redes sociais. Calquera persoa interesada pode atopar ao seu dispor ideas, consellos e ferramentas que lle serán útiles para mellorar a calidade e a eficacia comunicativa das súas producións. En moitas destas píululas formativas participan as persoas expertas que forman os xurados, mais tamén están dispoñibles tutoriais elaborados especificamente polo proxecto para achegar recomendacións e recursos.

Youtubeir@s, ofrece tamén formación presencial, que se programa en función do interese de cada unha das entidades organizadoras. Ao longo das tres edicións foron ofrecéndose diferentes modalidades de obradoiros impartidos por Illa Bufarda e, na última, incorporáronse tamén dúas youtubeiras para transmitir os seus coñecementos e experiencia: Laura Villaverde ([Chola&Lola](#)) e Marga Rodríguez Tilve ([As Cousas do Choio](#))

1ª EDICIÓN

Modalidade práctica (1 sesión de 1 horas - 1 sesión de 2 horas | asistencia virtual entre sesións)

Cada participante ten o reto de crear un tutorial ou unha vide-opinión en galego durante o obradoiro. Foméntase a creatividade audiovisual e a través dela revalorízanse os saberes das persoas participantes.

Na primeira sesión trátanse os consellos básicos para sacarlle o maior partido á cámara dos dispositivos móbiles, despois apréndese a mellor forma de contar os nosos coñecementos (guión) e tamén se ofrece asistencia en liña para calquera dúbida que poida xurdir ata a segunda sesión. Na segunda sesión edítase o material e apréndese a subilo a Youtube.

Modalidade teórica (1 sesión de 3 horas)

Foméntase a creatividade audiovisual para a transmisión de saberes. Coñécense conceptos da linguaxe audiovisual e consellos básicos para sacarlle o maior partido aos dispositivos móbiles (emprego da cámara, iluminación, son, encadre e aplicacións de edición).

2ª EDICIÓN

Formación para youtubeir@s intens@s (6 horas nunha soa xornada de mañá e tarde)

Esta oferta formativa está indicada para persoas xa alfabetizadas dixitalmente e con coñecementos mínimos de informática e manexo dispositivos móbiles. As participantes, individualmente ou en grupo, realizan un vídeo-opinión ou un vídeo-facermos aprendendo no proceso e contando con titorización.

Formación para neoyoutubeir@s (6 horas nunha soa xornada de mañá e tarde)

Esta modalidade dirixese principalmente a persoas maiores de 50 anos e non familiarizadas coa creación de contidos para YouTube nin coas novas tecnoloxías. Inclúe a iniciación ao mundo Youtubeir@: características propias de YouTube e d@s youtubeir@s (visionados), a creación dunha canle e a exploración das posibilidades comunicativas.

As participantes, individualmente ou en grupo, realizan un vídeo-opinarmos ou un vídeo-facermos con tutorización.

3ª EDICIÓN

Obradoiro para moz@s youtubeir@s (3 sesións de 2 horas)

Esta oferta formativa está indicada para persoas novas, xa alfabetizadas dixitalmente e con coñecementos sobre o manexo de dispositivos móbiles mais que queiran coñecer o funcionamento detallado de Youtube, as súas potencialidades expresivas e o xeito de materializar as ideas en vídeos e canles desta rede social. Neste obradoiro teñen o reto é crear un vídeo-opinarmos (de xeito individual ou colectivo).

Obradoiro para neoyoutubeir@s (2 sesións de 3 horas)

Esta modalidade ofrécese para persoas non familiarizadas coa creación de contidos para Youtube nin coas novas tecnoloxías. O obxectivo principal é quitarlles o medo á creación de vídeo co móbil e pasalo ben creando contidos audiovisuais e véndoos en grupo. Coñécense aspectos básicos da linguaxe audiovisual e trucos para mellorar as gravacións e ponse en valor a sabedoría do grupo participante para a creación de guións colectivos que se traduzan en vídeos con ideas ordenadas. Trátase tamén de coñecer que é Youtube e explícase como subir un vídeo a rede social.

Obradoiro de longa duración (6 sesións de 2 horas)

Dirixese a persoas xa alfabetizadas dixitalmente e con coñecementos mínimos de informática e do manexo de dispositivos móbiles. Trabállanse todas os pasos da creación, desde o que queremos contar a como facelo e como difundilo.

Clase motivadora (1 sesión de 90 minutos)

Charla motivadora para que o alumnado de centros de ensino se anime a crear vídeos para os Premios Youtubeir@s. Inclúa a visualización dalgúns vídeos gañadores de edicións anteriores e a explicación do proxecto e dos seus obxectivos. Tamén se trata do material necesario para crear vídeos na Rede e de como adaptar os recursos propios para converternos en youtubeir@s, da importancia de ter unha boa idea e de como sacar o maior partido expresivo ao medio audiovisual.

6. Premios Youtubeir@s

Na primeira edición convocáronse dúas categorías, vídeo-opinarmos e vídeo-facermos, xunto con catro premios para aspectos concretos (calidade lingüística, creatividade, eficiencia comunicativa e calidade técnica). Na segunda edición incorporáronse o premio á canle e a #propostayoutubeira e na terceira creouse unha nova categoría para vídeo-cantarmos.

6.1. Bases

Obxectivos

Os premios Youtubeir@s teñen como finalidade ser acicate da creación e difusión de vídeos de opinión e videotutoriais en galego, así como a súa promoción e visibilización a través da Rede e o recoñecemento daqueles de maior creatividade, calidade técnica, eficiencia comunicativa e calidade lingüística.

Destinatari@s

Poden optar a estes premios todas as persoas maiores de 14 anos que queiran transmitir algún coñecemento e/ou opinar sobre algún tema de interese a través de vídeos autoproducidos subidos a Youtube de xeito independente ou nunha canle. No caso de que a persoa participante sexa menor de idade, esta inscrición irá acompañada da autorización do pai/nai ou titor/a legal mediante o documento que se facilita na web do proxecto Youtubeir@s.

Características e condicións dos vídeos e canles participantes

Todos os vídeos participantes teñen que estar publicados con data posterior ao peche da edición anterior na plataforma de vídeos Youtube, sen restricións de privacidade e cos cancelos #youtubeiras #youtubeiros na descrición. No caso de presentar canles de vídeos ten que conter cando menos 5 vídeos realizados con data posterior ao peche da edición anterior estar en galego e ter na descrición os cancelos #youtubeiras #youtubeiros, sen restricións de privacidade.

Os vídeos individuais que sexan presentados a Youtubeir@s teñen que estar integramente en galego.

As canles de Youtube presentadas deben ter a maioría do vídeos en galego.

Os títulos dos vídeos, as descricións e os subtítulos permanentes (de habelos) teñen que estar en galego.

Os vídeos poden conter subtítulos de activación opcional no Youtube noutras linguas.

Os vídeos que concorren de xeito individual teñen que ter unha duración máxima de 5 minutos.

Fican expresamente excluídos os traballos de índole comercial e aqueles vídeos que promovan unha mensaxe violenta, denigrante ou ofensiva.

Inscrición e prazo

O prazo para inscribir os vídeos e canles no Premio Youtubeir@s é de febreiro a setembro. A participación está aberta ao ámbito internacional e é de balde.

As persoas participantes deben inscribirse a través do formulario que figura na web www.youtubeiras.gal

Cada autor ou autora pode inscribir tantos vídeos ou canles como desexe. No momento da inscrición o autor ou autora debe escoller a categoría na que quere inscribirse.

Categorías

VÍDEO-FACERMOS > Vídeo que mostra os teus saberes e procesos de elaboración a través dun tutorial para que outra xente poida aprender. Por exemplo un videotutorial de remo, de como lavar unha leituga sen auga ou como ordenar o armario para que non te coma a roupa cada vez que entras no teu cuarto.

VÍDEO-OPINARMOS > Expón unha opinión ou valoración arredor dun tema de interese e dun xeito argumentado. Por exemplo, sobre un libro, un filme, unha serie, un videoxogo, sobre temas de actualidade, moda ou tendencias...

CANLE > Pódese presentar a Youtubeir@s a canle propia con todos os seus vídeos. Nesta categoría valórase a calidade na creación de contidos, a traxectoria, a constancia e a de repercusión (número de visualizacións, comentarios, interaccións...)

VÍDEO-CANTARMOS > Vídeo musical que abrangue versións, composicións orixinais, coreografías, ata parodias e adaptacións de temas independentes ou dos máis comerciais.

Premios

Establécense os seguintes premios:

Premio ao mellor vídeo-facermos >> 1.000 €

Premio ao mellor vídeo-opinarmos >> 1.000 €
Premio á mellor canle >> 1.000 €
Premio ao mellor vídeo-cantarmos >> 1.000 €
Premio á creatividade >> 500 €
Premio á eficiencia comunicativa >> 500 €
Premio á calidade técnica >> 500 €
Premio á calidade lingüística >> 500 €

Cada persoa participante pode recibir máis dun premio e se o xurado así o considera pode haber premios declarados desertos ou compartidos.

As contías serán únicas e estarán suxeitas ás retencións correspondentes conforme a lexislación tributaria.

Xurado, selección, criterios de valoración

O xurado con voz e voto está composto por cinco persoas relacionadas co audiovisual, coa xeración e consumo de contidos dixitais e/ou co traballo na área da normalización da lingua.

O xurado valora os seguintes criterios:

- Creatividade. Valórase a orixinalidade da peza a nivel visual, sonoro, do propio contido e do xeito de transmitilo.
- Calidade técnica da peza tanto visual como sonora.
- Eficiencia comunicativa do vídeo na transmisión do contido tanto a nivel oral como visualmente. Valóranse os dotes interpretativos ou comunicativos e o aproveitamento dos recursos propios da linguaxe audiovisual e a súa capacidade de incidencia no público.
- Calidade lingüística. Valórase o uso coidado e correcto da lingua en todas as súas variantes dialectais (calidade fonética, léxica, sintáctica etc.)

A listaxe de finalistas publicase con anterioridade á data de entrega de premios, ao mesmo tempo anúnciase no web e comunícaselle a cada participante finalista.

A resolución final do xurado dáse a coñecer nun acto de entrega de premios público.

Base final

A organización resérvase o dereito a empregar os vídeos participantes na promoción do proxecto Youtubeir@s.

A participación nestes premios significa a completa aceptación destas bases e das decisións do xurado designado.

6.2. Proposta youtubeira

Nesta categoría son os seguidores e seguidoras os que propoñen os seus vídeos preferidos do Youtube para que concorran a un premio do público, a #propostayoutubeira.

As propostas poden formularse a través de correo electrónico (proposta@youtubeiras.gal) enviando as ligazóns aos vídeos e estes vanse facendo públicos nas diferentes redes sociais do proxecto.

Os vídeos propostos deben reunir os mesmos requirimentos que o resto de vídeo inscritos:

- Axeitarse ás categorías de vídeo-facermos, vídeo-opinarmos ou vídeo-cantarmos.
- Estar en galego.
- Non superar os 5 minutos de duración.
- Fican expresamente excluídos das propostas os traballos de índole comercial e aqueles vídeos que promovan unha mensaxe violenta, denigrante ou ofensiva.

O prazo de inscrición é o mesmo que nas outras categorías.

Con todas as propostas recibidas créase un **formulario de votación** (na plataforma easypromo) que se difunde nas redes sociais do Proxecto e que se habilita durante quince días despois do remate do prazo de inscrición.

Os 5 vídeos que reciban máis votacións nese prazo pasan ao xurado dos premios, e entre eles escollen, seguindo os criterios das bases xerais, o Premio do Público #PropostaYoutubeira, valorado en 500 €.

6.3. Evento da entrega de premios

Como peche de cada edición organízase un evento, de aproximadamente 90 minutos de duración, aberto ao público, no que se fai pública a decisión do xurado e se entregan os premios.

Sempre está conducido por profesionais da comunicación e das artes escénicas, que, ademais de guiaren as diferentes partes do acto, se encargan de animalo poñendo de relevo os obxectivos do proxecto e as diferentes temáticas que se abordan. Nalgún caso tamén se inclúen outras intervencións musicais ou humorísticas.

Durante o acto preséntanse os traballos finalistas en cada categoría, proxéctase un anaco de cada un dos gañadoras e interveñen as persoas premiadas, representantes do xurado e da entidade organizadora que acolle a gala.

Os representantes das entidades organizadoras entregan a cada premiado un diploma e unha peza artística creada en cerámica a partir da imaxe do proxecto, ademais da contía o premio. Os finalistas reciben tamén cadanseu recoñecemento simbolizado noutra peza cerámica e un diploma.

O evento emítese en directo (streaming) a través da canle de Youtubeir@s e tamén se fai un amplo rexistro fotográfico, completado cun pousadoiro polo que pasa o público asistente, representantes de entidades, youtuber@s etc., que é amplamente difundido nas redes sociais e outros medios de comunicación.

7. Actividades paralelas

7.1. Presenza en festivais e eventos culturais

Youtubeir@s está presente en diferentes citas culturais e audiovisuais co obxectivo principal de dar a coñecer o proxecto e fomentar a participación. Tamén se busca unha comunicación máis presencial e unha maior visibilización d@s youtubeir@s que participan.

As citas culturais e audiovisuais onde estivo presente o proxecto ata o momento foron o Curso de Medios Audiovisuais de Celanova (CeMAC), os Premios Fouciño, o Culturalgal, Escenario Aberto, Carballo Interplay, MICE e o Día das Redes en Galego.

7.2. Primavera youtubeira

A Primavera Youtubeira pretende xerar contidos no proxecto, máis alá dos premios, durante todo o ano que lles dean maior visibilidade @s youtubeir@s en galego e colaboren na creación de comunidade.

A proposta incorporouse na terceira edición e inclúe dous eventos.

7.2.1. Youtubeir@s en conexión

Xornada de traballo de tres horas, dinamizada por [Ben Curiosa](#) e dirixida Illa Bufarda, na que se convoca a comunidade Youtubeira galega para reflexionar sobre o panorama creativo tocando os aspectos lingüísticos, temáticos, públicos..., para alcanzar ao respecto conclusión e propostas concretas.

Propíciase un lugar de reflexión e conexión para tecer redes e fortalecer a comunidade entre as persoas creadoras.

Os resultados desta Xornada estarán dispoñibles na web e nas redes sociais de Youtubeir@s.

7.2.2. Lista de reprodución ao vivo

Trátase dun evento similar ás bibliotecas viventes no que seis youtubeir@s están localizados nun espazo á espera de recibir “espectadores/as” ao seu arredor. @s youtubeir@s levan temas dos que falar e o público cambiante pode facer preguntas e interactuar, segundo a súa selección inicial de youtubeir@s que quere ver. Cada “vídeo” desta “lista de reprodución” non dura máis de 15 minutos. As persoas asistentes só poden “visualizar” catro “vídeos” en directo. Ao final hai un encontro de público no que comparten experiencias e deixan nun vídeo as súas percepcións despois do “visionado”. Este evento dura a aproximadamente dúas horas e a organización corre por conta de [Xandobela](#) e Illa Bufarda conxuntamente.

8. Comunicación

A comunicación do proxecto, das convocatorias, eventos e, en xeral, de todo o contido que xera ten unha importancia moi relevante para os obxectivos que se perseguen. Debido a isto, ao longo de todo o ano mantense a actividade comunicativa en varios planos e soportes, coordinada sempre por Illa Bufarda para garantir a planificación e a coherencia.

Youtubeir@s conta cunha imaxe corporativa que se vai adaptando ás liñas comunicativas de cada edición e que se procura manter en todos os materiais divulgativos que se empregan.

Empréganse varios cancelos para visibilizar os proxecto e os seus contidos: #youtubeiras, #youtubeiros, #propostayoutubeira, #primaverayoutubeira.

Páxina web

Co dominio www.youtubeiras.gal, é o elemento central da comunicación. Nela inclúense as bases dos premios, o formulario de inscrición, o vídeo promocional de cada edición, os recursos formativos, as convocatorias, as novas, o acceso ás redes soais... En definitiva, contén toda a información do proxecto e o contacto coa organización.

Folletos, carteis e merchandising

Malia tratarse dun proxecto centrado na Rede, Youtubeir@s tamén sae do mundo virtual e procura visualizar a convocatoria dos premios e o resto das accións con materiais en papel (folletos e carteis) que se distribúen nos concellos participantes e nas sedes universitarias.

Do mesmo xeito, e vinculadas especialmente aos eventos presenciais, editase merchandising coa imaxe de Youtubeir@s (lentes youtubeir@s, chapas, bolsas...).

Material audiovisual propio

O proxecto xera material audiovisual propio para divulgar cuestións de interese, visibilizar premiados/as doutras edición, rexistrar eventos, xerar contido formativo, dinamizar as redes etc., que se publica na web ou nas diferentes redes sociais.

Canle en Youtube

Na conta de [Youtubeir@s](#) vanse subindo todos os contidos xerados polo propio proxecto para a comunicación e promoción.

Trabállase dun xeito moi activo para aproveitar todas as potencialidades desta rede social buscando maior interactividade con youtubeir@s (convites de participación, comentarios, gústames...) e tamén se publican

listas de reprodución desde o inicio das convocatorias do premo para facilitar a visibilidade dos traballos que se presentan en cada unha das catetorías.

Facebook

Na conta de [facebook Youtubeir@s](#) promóciónanse todas as actividades e dáselle difusión a todos os vídeos da campaña promocional. Elabóranse memes, gifs e cólganse artigos de interese relacionados co audiovisual, as licenzas libres, a transmisión de coñecementos e o uso do galego nas Redes.

Twitter

Emprégase como rede social de difusión de todo o relacionado co proxecto Youtubeir@s e do material audiovisual para promover o proxecto. [@youtubeirxs](#)

Instagram

Emprégase para difundir información de xeito inmediato de eventos públicos relacionados co programa.

Medios de comunicación

Dáselle moita importancia á comunicación cos medios para propiciar o coñecemento do concurso e das actividades do proxecto. Desta comunicación depende tamén a propia visibilidade mediática que se pode dar aos youtubeiros e youtubeiras de xeito autónomo (na televisión, en diversos medios dixitais, locais...).

9. Xestión

En 2006, os concellos promotores e as tres universidades, asinaron un protocolo de colaboración, que se renovou para as edicións posteriores sumando tamén a Deputación da Coruña.

O texto do acordo inclúe a vontade de organizaren cooperativamente, os obxectivos e as principais liñas de actuación que seguirá o proxecto.

Con base neste acordo, desenvólvense anualmente as diferentes accións concretas, que son financiadas solidariamente, e tramítanse os procedementos en cada entidade para contar co apoio técnico externo que cumpra en cada caso.

A empresa contratada para a organización e produción, Illa Bufarda, elabora unha planificación detallada ao comezo de cada edición e encárgase do deseño e desenvolvemento dos diferentes materiais, así como da xestión técnica do concurso e dos eventos.

10. Avaliación

9.1 Formación

Entre a primeira e a segunda edición conxuntamente participaron unhas 380 persoas nas actividades formativas. Na terceira superáronse as 400 persoas.

Nos obradoiros realizáronse enquisas finais aos participantes, que amosaron unha alta satisfacción con todos os aspectos das convocatorias.

Cualitativamente, realizáronse as seguintes apreciacións:

- Detéctase un importante empoderamento técnico das persoas participantes.
- Foron amenas e divertidas. A maioría das persoas participantes quedaron satisfeitas e aprenderon a base para a creación audiovisual.
- Houbo diversidade de perfís, intereses e idades e resulta positivo separar a formacións por perfís de

participantes, con obxectivos concretos para cada caso.

- A asistencia e permanencia nas sesións vai en aumento.
- Asistir á formación non se traduce directamente en participar no concurso.
- No rural a conexión a internet polo xeral é moi mala, e isto dificulta incluso a idea de verse como youtubeir@s. .
- Cómpre localizar no galego máis ferramentas dixitais.

9.2 Concurso

Participación en números e por categorías:

CATEGORÍA	2017	2018
Nº de inscricións	202	229
Vídeo-opinarmos	83 (42%)	88 (38,42%)
Vídeo-facermos	119 (58%)	116 (50,65%)
Canles	-----	25 (10,92%)

Por idades:

IDADES	2017	2018
Menores de 18	28,60%	16%
18-30	44.60%	31%
30-50	17,30%	40%
Maiores de 50	9,5%	13%

Por procedencia:

NÚCLEO DE POBOACIÓN	2017	2018
Rural	53 (26.76%)	28 (12%)
Vilas	53 (28,28%)	106 (46%)
Cidades	89 (44.94%)	95 (42%)

Por provincias:

PROVINCIA	2017	2018
A Coruña	128	143
Pontevedra	42	53
Ourense	22	22
Lugo	6	11

Por temáticas:

Na edición do 2017 destacaron os vídeos sobre manualidades, maquillaxe e decoración, os de cociña, o de agro e os de audiovisual, videoxogos e informática. Houbo bastantes vídeos sobre a lingua galega, política, viaxes, literatura e consellos.

Na edición do 2018 foi notable a presenza de vídeos que teñen como eixo central a igualdade de xénero. Continúan destacando os vídeos de horta e cociña. Tamén os vídeos nos que se recolle a sabedoría popular das persoas maiores. Naceron canles máis técnicas sobre informática e accesorios tecnolóxicos. Descenderon moi notablemente os vídeos sobre a lingua galega, o cal cremos que é positivo, e sobre literatura, o cal cremos que é negativo, cremos que sería bo que @s youtubeir@s teñan o seu espazo dentro do proxecto Youtubeir@s.

Uso da lingua e outras cuestións cualitativas.

- Ábrense novas canles en galego
- Continúa a ser moi común o uso puntual do galego por parte de galegofalantes e de castelanfalantes que empregan o castelán en YouTube e empregan o galego para participar en Youtubeir@s. Hai participantes que incluso poñen o título e a descrición do vídeo en castelán.
- Mantéñense activas moitas canles en galego e comeza a consolidarse a figura d@ youtubeir@, malia que segue a haber xente que fai un vídeo para participar e non ten continuidade nin tece comunidade.
- Na segunda edición xa comezan a participar youtubeir@s que tiñan a canle antes do concurso.
- Comeza a crearse unha comunidade de youtubeir@s que teñen orgullo de selo e participan moi activamente nas redes, fan colaboracións ou vídeos conxuntos.
- Emprégase como ferramenta educativa nos centros de ensino.
- Moitas canles empregan o galego entre outras linguas.
- Nalgúns medios de comunicación galegos comeza a falarse de youtubeiros e youtubeiras para as persoas que fan vídeos en Youtube, sen que teña que estar a información contextualizada no proxecto.

9.3 Xestión

Considérase imprescindible a figura da persoa coordinadora para a boa comunicación interna do proxecto.

Faise imprescindible contar cunha entidade única que aglutine a xestión e contratación externa do programa, coa achega dos recursos de todas as entidades colaboradoras.

A planificación e o desenvolvemento das accións é, en xeral, moi satisfactorio grazas ao rigoroso traballo da empresa que foi seleccionada, Illa Bufarda.

9.4 Comunicación

O proxecto gaña, en cada nova edición, maior repercusión e presenza nos medios, con resultados positivos para a visibilización da presenza do galego na rede.

Contar cunha persoa especificamente dedicada a coordinar a comunicación cos medios axudou de maneira decisiva a que o proxecto tivese maior presenza, en programas e con formatos diversos, e a que a información se transmitise con precisión.

Comeza a haber youtubeir@s que suscitan o interese dos medios de comunicación e que alcanzan unha importante presenza neles.

	xuño 2017	xullo 2018	xullo 2019
Seguidor@s Facebook	1.374	2.031	2467
Subscriber@s Youtube	266	431	587
Reproducións dos vídeos da canle Youtubeir@s	1.681 (3 vídeos)	8.075 (23 vídeos)	23.427 (42 vídeos)
Seguidores en Twitter		344	547